



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 10 DE XANEIRO DE 2022

1. Ratificación da urxencia da convocatoria. Referencia. 2022/00000723B

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. 2021-CREXT-01 Crédito extraordinario para por en marcha un programa de consumo no comercio e hostalería local no barrio de San Pedro-Concheiros.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-01 por importe de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 euros) para por en marcha un programa de bonos de consumo no comercio e hostalería do barrio de San Pedro- Concheiros, financiado con baixas por anulación.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2022-CREXT-01 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.